

I. DISPOSICIÓN XERAIS**XEFATURA DO ESTADO**

10751 *Lei 5/2009, do 29 de xuño, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito e o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, para a reforma do réxime de participacións significativas en empresas de servizos de investimento, en entidades de crédito e en entidades aseguradoras.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A necesidade de garantir a estabilidade das entidades financeiras, en defensa do normal funcionamento dos mercados e para a protección dos usuarios de servizos financeiros, xustifica, con carácter xeral, toda a normativa financeira de ordenación e disciplina. Dentro deste amplo sector do ordenamento financeiro encóntrase, desde a súa introdución nos anos noventa, a regulación do réxime de participacións significativas. Este réxime aborda a avaliación cautelar das adquisicións de participacións que poidan supor o exercicio dunha influencia notable nas entidades financeiras. Trátase, en definitiva, dun control administrativo previo que ten por obxecto avaliar, para os efectos prudenciais, a identidade, honorabilidade e solvencia dos accionistas máis significativos das entidades. Na práctica, supón estender o labor de supervisión da autorización de entidades a calquera modificación posterior da súa estrutura accionarial que poida afectar a idoneidade dos propietarios.

O carácter transnacional dos mercados financeiros conduciu hai tempo á ordenación comunitaria desta materia. De feito, a normativa actualmente en vigor sobre participacións significativas, comprendida na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito e no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, trae causa da transposición dun conxunto de directivas comunitarias (Directiva 93/22/CEE do Consello, do 10 de maio de 1993, relativa aos servizos de investimento no ámbito dos valores negociables, Segunda Directiva do Consello do 15 de decembro de 1989 para a coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas relativas ao acceso á actividade das entidades de crédito e ao seu exercicio, Directiva 92/49/CEE sobre coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas relativas ao seguro directo distinto do seguro de vida, Directiva 2002/83/CE sobre o seguro de vida e Directiva 2005/68/CE sobre o reaseguro).

Transcorridos máis de 15 anos desde a aprobación da regulación comunitaria inicial comprobouse, á vez que a oportunidade e eficacia do modelo, a necesidade de abordar algunhas reformas que poderían mellorar a súa efectividade práctica. Neste contexto aprobouse a Directiva 2007/44/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se modifican a Directiva 92/49/CEE do Consello e as directivas 2002/83/CE, 2004/39/CE, 2005/68/CE e 2006/48/CE no que atinxe as normas procedementais e os criterios de avaliación aplicables en relación coa avaliación cautelar das adquisicións e dos incrementos de participacións no sector financeiro. Esta norma modifica as cinco directivas que regulan, respectivamente, o seguro de vida e o seguro distinto do de vida, os mercados de instrumentos financeiros, o reaseguro e o acceso á actividade das

entidades de crédito, co obxecto de reformar, de forma homoxénea, o réxime de participacións significativas.

O principal propósito da Directiva 2007/44/CE consiste en clarificar os criterios e procedementos conforme os cales se realiza a avaliación das participacións significativas para proporcionar a seguranza xurídica e a claridade necesarias. De aí que as súas achegas máis importantes se desenvolvan sobre un triplo eixe. Dun lado, deséfiase un novo procedemento de avaliación máis claro e con prazos máis axustados e transparentes para cada unha das fases do procedemento de avaliación. En segundo lugar, relaciónanse de xeito exhaustivo os criterios estritamente prudenciais, sobre cuxa análise deberán sustentar os supervisores financeiros a súa oposición ás adquisicións propostas. E, por último, refórzase enormemente a colaboración entre o supervisor da entidade adquirente e o da adquirida durante o procedemento de avaliación prudencial.

Ao fío do previsto na directiva, esta lei aspira a incrementar a claridade e a eficacia do réxime de participacións significativas, mellorando a seguranza xurídica e previsibilidade de todo o proceso de avaliación. En definitiva, esta lei non vén senón a abordar a transposición da Directiva 2007/44/CE para os tres sectores financeiros implicados: entidades de crédito, empresas de servizos de investimento e entidades aseguradoras e reaseguradoras. Trátase, non obstante, dunha transposición parcial en canto que queda suxeita ao desenvolvemento regulamentario posterior dos seus extremos máis técnicos.

Por outro lado, á marxe da incorporación ao dereito interno da normativa comunitaria, a lei tamén aborda, na súa parte final, a modificación puntual da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, para substituír o actual sistema de autorización previa para vínculos estreitos e réxime de participacións significativas por un sistema de non-oposición, de maneira que se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións non se opón á operación formulada esta poderá levarse a cabo.

A lei consta de tres artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e nove disposicións derradeiras.

Os tres artigos refírense, respectivamente, ás modificacións necesarias para incorporar as previsións da Directiva 2007/44/CE ao réxime de participacións significativas previsto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito e no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados. Esta lei introduce nas tres normas mencionadas, cos axustes propios necesarios para cada articulado, o mesmo réxime de participacións significativas reformado, cuxas principais novidades se expoñen a continuación.

O concepto de participación significativa xira na normativa española ao redor de dous enfoques: o cualitativo, que identifica a participación significativa coa posibilidade de exercer unha influencia notable na entidade adquirida, e o cuantitativo, que determina unha porcentaxe de capital ou de dereitos de voto cuxa posesión supón a existencia obxectiva dunha participación deste tipo. Este último criterio modifícase mediante a nova redacción dos artigos 69.1 da Lei 24/1988, 56.1 da Lei 26/1988 e 22 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados. A partir do previsto neles a participación significativa xurdirá ao alcanzar polo menos un 10 por cento do capital ou dos dereitos de voto da entidade, eliminando deste modo, por mandato comunitario, a anterior porcentaxe do 5 por cento.

Introdúcese, así mesmo, un novo deber de comunicación ao supervisor das participacións que, non sendo significativas, supoñan alcanzar ou superar o limiar do 5 por cento do capital ou dos dereitos de voto (novo punto 3 do artigo 69 da Lei 24/1988, novo punto 2 do artigo 57 na Lei 26/1988 e punto 1 do novo artigo 22.bis do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados). Este novo deber non activa o procedemento de avaliación pero permite aos supervisores acceder á información da presenza deste tipo de participacións.

Outra das consecuencias da incorporación da Directiva 2007/44/CE consiste na simplificación dos diferentes limiares que determinan o deber de notificación das entidades, ante incrementos ou reducións das participacións significativas: 20, 30 ou 50 por cento, fronte ao 10, 15, 20, 25, 33, 40, 50, 66 e 75 por cento anteriores.

Así mesmo, incorpórase a relación dos criterios estritamente prudenciais que tanto o Banco de España como a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións deben ter en conta á hora de avaliar a idoneidade do potencial adquirente que decidise, ben adquirir unha participación significativa, ben superar coa súa nova participación os limiares antes mencionados. Só sobre a base destes criterios, ou nos casos en que a información remitida polo adquirente resulte incompleta, poderanse opor os supervisores a unha adquisición ou incremento de participacións significativas. Os criterios, introducidos nos novos artigos 69.5 da Lei 24/1988, 58.1 da Lei 26/1988 e 22.ter.1 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, refírense á honorabilidade e solvencia do adquirente, á honorabilidade dos futuros administradores da entidade, á capacidade da entidade para cumprir coas obrigacións normativas que lles resulten exixibles e á inexistencia de indicios racionais da realización de operacións de branqueo ou financiamento do terrorismo. Para obter unha valoración adecuada deste último criterio, introdúcese a solicitude preceptiva dun informe do Servizo Executivo da Comisión para a Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias.

En canto ao deseño do procedemento de avaliación, o novo articulado da Lei 24/1988, da Lei 26/1988 e do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, na falta do seu desenvolvemento regulamentario, define prazos máis claros e transparentes para cada unha das fases. En primeiro lugar, o prazo total máximo para que os supervisores finalicen a súa avaliación e notifiquen a existencia ou non de oposición fíxase en 60 días hábiles, manténdose o réxime de silencio administrativo positivo. Ademais, deséñase un sistema para a solicitude de información adicional que, co fin de evitar dilacións infundadas, non permite máis que unha única suspensión no cómputo do citado prazo. Por outro lado, ao finalizar o procedemento, introdúcese a posibilidade de que o supervisor, por petición do adquirente potencial ou de oficio, faga públicos os motivos que xustifican a súa decisión, consista esta en se opor ou non á adquisición, sempre que a información revelada non afecte terceiros alleos á operación.

Finalmente, refórzase de xeito moi importante a cooperación entre o supervisor da entidade adquirente e o da adquirida. Tanto dentro de España, mediante a cooperación entre o Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, como entre supervisores dos diferentes Estados membros da Unión Europea. Preténdese, principalmente, que as autoridades competentes traballen en estreita cooperación cando se trate de verificar a idoneidade dun adquirente potencial que sexa unha entidade autorizada noutro Estado membro ou, dentro de España, regulada noutro sector de actividade.

A parte final da lei inclúe dúas disposicións adicionais sobre medidas no ámbito aeroportuario e sobre revisión do sistema comunitario de comercio de dereitos de emisión, unha disposición derogatoria de carácter xeral e nove disposicións derradeiras relativas á modificación da Lei de mediación de seguros e reaseguros privados, á modificación da Lei de institucións de investimento colectivo, á modificación da Lei das sociedades anónimas, á modificación da Lei sobre réxime de sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulación hipotecaria, á modificación do Real decreto lei 18/1982, sobre fondos de garantía de depósitos en caixas de aforro e cooperativas de crédito, ao título competencial, á habilitación ao Goberno para o desenvolvemento regulamentario, á incorporación do dereito comunitario e á entrada en vigor.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

A Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores queda modificada como segue:

Un. Engádesse un novo punto 2 ao artigo 60 quáter, renumerando o vixente como punto 3, coa seguinte redacción:

«2. Se, no suposto regulado neste artigo, os valores obxecto da compra ou venda forzosa se encontrasen embargados como consecuencia de actos administrativos ou de resolucións xudiciais, ou existise sobre eles algún tipo de

carga, incluíndo gravames, dereitos reais limitados ou garantías financeiras, os valores allearanse libres das devanditas cargas, pasando estas a constituírse sobre o prezo pagado ou os valores entregados polo oferente como pagamento do prezo pola compravenda.

O depositario dos valores estará obrigado a manter en depósito o prezo da venda ou, de ser o caso, os valores entregados, poñendo en coñecemento da autoridade xudicial ou administrativa que ordenase os embargos ou do titular de calquera outra carga a aplicación deste procedemento.

Se, unha vez aplicado o disposto neste punto, existise unha parte do prezo que resultase innecesaria para a satisfacción das obrigacións garantidas co embargo ou embargos practicados, ou coas cargas existentes sobre os valores, porase inmediatamente á disposición do titular destes.»

Dous. O artigo 69 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 69.

1. Para os efectos desta lei, entenderase por participación significativa nunha empresa de servizos de investimento español aquela que alcance, de forma directa ou indirecta, polo menos, un 10 por cento do capital ou dos dereitos de voto da empresa.

Tamén terá a consideración de participación significativa aquela que, sen chegar á porcentaxe sinalada, permita exercer unha influencia notable na empresa. Regulamentariamente determinarase, tendo en conta as características dos distintos tipos de empresas de servizos de investimento, cando se deba presumir que unha persoa física ou xurídica pode exercer a devandita influencia notable, tendo en conta para estes efectos, entre outras, a posibilidade de nomear ou destituír algún membro do seu consello de administración.

2. O disposto neste título para as empresas de servizos de investimento entenderase sen prexuízo da aplicación das normas sobre ofertas públicas de adquisición e información sobre participacións significativas contidas nesta lei e das regras especiais establecidas na disposición adicional décimo sétima e nos artigos 31 e 44 bis desta lei, así como nas súas normas de desenvolvemento.

3. Toda persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada con outras, adquirise, directa ou indirectamente, unha participación nunha empresa de servizos de investimento español, de tal forma que a súa porcentaxe de dereitos de voto ou de capital posuído resulte igual ou superior ao 5 por cento, comunicarao inmediatamente por escrito á Comisión Nacional do Mercado de Valores e á empresa de servizos de investimento correspondente, indicando a contía da participación alcanzada.

4. Toda persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada con outras, a partir deste momento o adquirente potencial, decidise adquirir, directa ou indirectamente, unha participación significativa nunha empresa de servizos de investimento español ou ben incrementar, directa ou indirectamente, a participación nela de tal forma que a porcentaxe de dereitos de voto ou a de capital posuído resulte igual ou superior ao 20, 30 ou 50 por cento, ou ben que en virtude da adquisición se puiden chegar a controlar a empresa de servizos de investimento, a partir deste momento a adquisición proposta, notificarao previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, indicando a contía da participación prevista, e incluíndo toda a información que regulamentariamente se determine. A devandita información deberá ser pertinente para a avaliación, e proporcional e adecuada á natureza do adquirente potencial e da adquisición proposta.

Entenderase que existe unha relación de control para os efectos deste artigo sempre que se dea algún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de comercio.

Para os efectos do disposto neste punto non se terán en conta os dereitos de voto ou o capital resultante do asecuramento dunha emisión ou dunha colocación

de instrumentos financeiros nin da colocación de instrumentos financeiros baseada nun compromiso firme, sempre que os devanditos dereitos non se exerzan para intervir na administración do emisor e se cedan no prazo dun ano desde a súa adquisición.

Cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores reciba dúas ou máis notificacións referidas á mesma empresa de servizos de investimento tratará a todos os adquirentes potenciais de forma non discriminatoria.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, coa finalidade de garantir unha xestión sa e prudente da empresa de servizos de investimento en que se propón a adquisición, e atendendo á posible influencia do adquirente potencial sobre esta, avaliará a idoneidade deste e a solidez financeira da adquisición proposta, de acordo cos seguintes criterios:

- a) A honorabilidade comercial e profesional do adquirente potencial;
- b) A honorabilidade comercial e profesional e a experiencia de administradores e directivos que vaian dirixir a actividade da empresa de servizos de investimento como consecuencia da adquisición proposta;
- c) A solvencia financeira do adquirente potencial para atender os compromisos asumidos, en especial en relación co tipo de actividade que se exerza ou estea previsto exercer na empresa de servizos de investimento en que se propón a adquisición;
- d) A capacidade da empresa de servizos de investimento de cumprir de forma duradeira coas obrigacións establecidas na normativa que lle sexa de aplicación. En particular, cando proceda, valorará se o grupo do que pasará a formar parte conta cunha estrutura que non impida exercer unha supervisión eficaz, e que permita proceder a un intercambio efectivo de información entre as autoridades competentes para levar a cabo tal supervisión e determinar a repartición de responsabilidades entre estas; e,
- e) Que non existan indicios racionais que permitan supor que:
 - i) En relación coa adquisición proposta, estanse a efectuar, efectuáronse ou intentáronse efectuar operacións de branqueo de diñeiro ou financiamento do terrorismo no sentido previsto na normativa de prevención de tales actividades; ou,
 - ii) A citada adquisición non poida aumentar o risco de que se efectúen tales operacións.

Tan pronto como reciba a notificación a que se refire o punto anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores solicitará informe do Servizo Executivo da Comisión para a Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, co fin de obter unha valoración adecuada deste criterio. Coa devandita solicitude, a Comisión Nacional do Mercado de Valores remitirá ao Servizo Executivo tanta información recibise do adquirente potencial ou dispoña en exercicio das súas competencias que poida ser relevante para a valoración deste criterio. O Servizo Executivo deberá remitir o informe á Comisión Nacional do Mercado de e Valores no prazo máximo de 30 días hábiles contados desde o día seguinte a aquel en que recibise a solicitude coa información sinalada.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores disporá dun prazo de 60 días hábiles, contados desde a data en que se xustifícase a recepción da notificación a que se refire o punto 4, para realizar a avaliación a que se refire o punto anterior e, de ser o caso, oporse á adquisición proposta. A xustificación da recepción realizarase por escrito no prazo de dous días hábiles contados desde a data da recepción da notificación pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que esta vaia acompañada de toda a información que resulte exixible conforme o punto 4 anterior, e nel indicarse o adquirente potencial a data exacta en que expira o prazo de avaliación. Nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a notificación non contivese toda a información exixible, requirirase o

adquirente potencial para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue a información preceptiva, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da adquisición proposta.

Se a Comisión Nacional do Mercado de Valores non se pronunciou no prazo anterior, entenderase que non existe oposición.

Se o considera necesario, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá solicitar información adicional á que, con carácter xeral, procede exixir conforme o establecido no punto 4, para avaliar convenientemente a adquisición proposta. Esta solicitude farase por escrito e nela especificarase a información adicional necesaria. Cando a solicitude de información adicional se realice dentro dos cincuenta primeiros días hábiles do prazo establecido no parágrafo anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá interromper o cómputo do devandito prazo, por unha única vez, durante o período que medie entre a data da solicitude de información adicional e a data de recepción desta. Esta interrupción poderá ter unha duración máxima de vinte días hábiles, que se poderá prolongar ata trinta días, nos supostos que regulamentariamente se determinen.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores só se poderá opor á adquisición proposta cando haxa motivos razoables para iso sobre a base dos criterios establecidos no punto 5 ou se a información achegada polo adquirente potencial está incompleta. Se unha vez finalizada a avaliación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores formulase obxeccións á adquisición proposta, informará diso ao adquirente potencial, por escrito e motivando a súa decisión, no prazo de dous días hábiles, sen que en ningún caso se poida superar o prazo máximo para realizar a avaliación. Cando non se opoña á adquisición proposta, poderá establecer un prazo máximo para a conclusión desta e, cando proceda, prolongalo.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores non poderá impor condicións previas en canto á contía da participación que se deba adquirir nin terá en conta as necesidades económicas do mercado ao realizar a avaliación.

As decisións adoptadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores mencionarán as posibles observacións ou reservas expresadas pola autoridade competente da supervisión do adquirente potencial, consultada nos termos do punto 7.

Por petición do adquirente potencial ou de oficio, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá facer públicos os motivos que xustifican a súa decisión, sempre que a información revelada non afecte terceiros alleos á operación.

7. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, ao realizar a avaliación a que se refire o punto 5, consultará coas autoridades responsables da supervisión noutros Estados membros da Unión Europea, cando o adquirente potencial sexa:

a) Unha entidade de crédito, empresa de seguros ou reaseguros, empresa de servizos de investimento ou sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro da Unión Europea; ou,

b) A sociedade matriz dunha entidade de crédito, dunha empresa de seguros ou de reaseguros, dunha empresa de servizos de investimento ou dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro da Unión Europea; ou,

c) Unha persoa física ou xurídica que exerza o control dunha entidade de crédito, dunha empresa de seguros ou de reaseguros, dunha empresa de servizos de investimento ou dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro da Unión Europea.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores, ao realizar a avaliación a que se refire o punto anterior, consultará:

a) Co Banco de España, sempre que o adquirente potencial sexa unha entidade de crédito, ou unha sociedade matriz dunha entidade de crédito, ou unha persoa física ou xurídica que exerza o control dunha entidade de crédito; ou,

b) Coa Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, sempre que o adquirente potencial sexa unha empresa de seguros ou reaseguros ou unha sociedade xestora de fondos de pensións, ou unha sociedade matriz dunha empresa de seguros ou reaseguros ou dunha sociedade xestora de fondos de pensións, ou unha persoa física ou xurídica que exerza o control dunha empresa de seguros ou reaseguros ou dunha sociedade xestora de fondos de pensións.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores atenderá reciprocamente as consultas que lle remitan as autoridades responsables da supervisión dos adquirentes potenciais doutros Estados membros e, de ser o caso, o Banco de España ou a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Ademais, facilitaralles de oficio e sen atrasos inxustificadas toda a información que resulte esencial para a avaliación, así como o resto de información que soliciten, sempre e cando esta resulte oportuna para a avaliación.

8. Cando se efectúe unha adquisición das reguladas no punto 4 sen terlo notificado previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores; ou se, téndollo notificado, non transcorrese aínda o prazo previsto no primeiro parágrafo do punto 6, ou se mediase a oposición expresa da Comisión Nacional do Mercado de Valores, produciranse os seguintes efectos:

a) En todo caso e de forma automática, non se poderán exercer os dereitos políticos correspondentes ás participacións adquiridas irregularmente ata que a Comisión Nacional do Mercado de Valores, unha vez recibida e avaliada a información necesaria sobre os adquirentes, os xulgue idóneos. Se, non obstante, se chegasen a exercer, os correspondentes votos serán nulos e os acordos serán impugnables en vía xudicial, segundo o previsto na sección 2.^a do capítulo V do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, estando lexitimada para o efecto a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

b) Poderase acordar a suspensión de actividades prevista no artigo 75.

c) Se for preciso, acordarase a intervención da empresa ou a substitución dos seus administradores, segundo o previsto no título VIII.

Ademais, imporanse as sancións previstas no título VIII.

9. Toda persoa física ou xurídica que decidise deixar de ter, directa ou indirectamente, unha participación significativa nunha empresa de servizos de investimento, notificarao primeiro á Comisión Nacional do Mercado de Valores, indicando a contía da operación proposta e o prazo previsto para levala a cabo. A devandita persoa deberá tamén notificar se decidiu reducir a súa participación significativa de tal forma que a porcentaxe de dereitos de voto ou de capital posuído sexa inferior ao 20, 30 ou 50 por cento, ou que puider perder o control da empresa de servizos de investimento.

O incumprimento deste deber será sancionado segundo o previsto no título VIII.

10. Así mesmo, as empresas de servizos de investimento informarán a Comisión Nacional do Mercado de Valores, en canto teñan coñecemento diso, das adquisicións ou cesións de participacións no seu capital que traspasen algún dos niveis sinalados nos puntos anteriores deste artigo.

11. Cando existan razóns fundadas e acreditadas respecto de que a influencia exercida polas persoas que posúan unha participación significativa nunha empresa de servizos de investimento poida resultar en detrimento da xestión sa e prudente desta, danando gravemente a súa situación financeira, o ministro de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, adoptará algunha ou algunhas das seguintes medidas:

a) As previstas nas alíneas a) e b) do punto 8, ben que a suspensión dos dereitos de voto non poderá exceder os tres anos.

b) Con carácter excepcional, a revogación da autorización.

Ademais, poderanse impor as sancións que procedan segundo o previsto no título VIII.»

Tres. Engádese unha nova alínea l) ao punto 4 do artigo 90:

«l) A información que a Comisión Nacional do Mercado de Valores publique de acordo co disposto no parágrafo sexto do artigo 69.6.»

Catro. A alínea c) do artigo 92 modifícase nos seguintes termos:

«c) Un rexistro dos documentos a que se refire o artigo 6 e, en xeral, dos referidos nas alíneas a) e b) do punto 1 do artigo 26 desta lei.»

Cinco. Engádese unha nova alínea j ter) no artigo 100 que queda redactada do seguinte modo:

«j ter) A adquisición dunha participación como a descrita no artigo 69.3 sen lla ter comunicado á Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.*

A Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, queda modificada como segue:

Un. Introdúcese no artigo 5 a alínea w) que queda redactada do seguinte modo:

« w) A adquisición dunha participación nunha entidade de crédito, como a descrita no 57.2, sen lla ter comunicado oportunamente ao Banco de España.»

Dous. O punto 5 do artigo 43 queda redactado do seguinte modo:

«Tamén se denegará a autorización se, atendendo á necesidade de garantir unha xestión sa e prudente da entidade, non se considera adecuada a idoneidade dos accionistas que vaian ter unha participación de tal forma que a porcentaxe de dereitos de voto ou de capital posuído resulte igual ou superior ao 5 por cento ou ben unha participación significativa, tal como esta se define no artigo 56.

Entre outros factores, a idoneidade apreciarase en función:

a) Da honorabilidade comercial e profesional dos accionistas. Esta honorabilidade presumirase cando os accionistas sexan administracións públicas ou entes delas dependentes.

b) Dos medios patrimoniais con que contan os devanditos accionistas para atender os compromisos asumidos.

c) Da falta de transparencia na estrutura do grupo ao cal eventualmente poida pertencer a entidade, ou da existencia de graves dificultades para inspeccionar ou obter a información necesaria sobre o desenvolvemento das súas actividades.

d) Da posibilidade de que a entidade quede exposta de forma inapropiada ao risco das actividades non financeiras dos seus promotores; ou cando, tratándose de actividades financeiras, a estabilidade ou o control da entidade poidan quedar afectadas polo alto risco daquelas.»

Tres. O artigo 56 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 56. Participacións significativas en entidades de crédito.

1. Para os efectos desta lei, entenderase por participación significativa nunha entidade de crédito española aquela que alcance, de forma directa ou indirecta, polo menos, un 10 por cento do capital ou dos dereitos de voto da entidade. Tamén terá a consideración de participación significativa aquela que, sen chegar á porcentaxe sinalada, permita exercer unha influencia notable na entidade. Regulamentariamente determinarase, tendo en conta as características dos distintos tipos de entidade de crédito, cando se deba presumir que unha persoa física ou xurídica pode exercer a

devandita influencia notable, tendo en conta para estes efectos, entre outras, a posibilidade de nomear ou destituir algún membro do seu consello de administración.

2. O disposto neste título para as entidades de crédito entenderase sen prexuízo da aplicación das normas sobre ofertas públicas de adquisición e información sobre participacións significativas contidas na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.»

Catro. O artigo 57 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 57. Obrigacións relativas ás participacións en entidades de crédito.

1. Toda persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada con outras, a partir deste momento o adquirente potencial, decidise adquirir, directa ou indirectamente, unha participación significativa nunha entidade de crédito española ou ben incrementar, directa ou indirectamente, a participación nesta de tal forma que a porcentaxe de dereitos de voto ou a de capital posuído resulte igual ou superior ao 20, 30 ou 50 por cento, ou ben que en virtude da adquisición se puiden chegar a controlar a entidade de crédito, a partir deste momento a adquisición proposta, notificarao previamente ao Banco de España, indicando a contía da participación prevista e incluíndo toda a información que regulamentariamente se determine. A devandita información deberá ser pertinente para a avaliación, e proporcional e adecuada á natureza do adquirente potencial e da adquisición proposta.

Entenderase que existe unha relación de control para os efectos deste título sempre que se dea algún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de comercio.

Para os efectos do disposto neste punto non se terán en conta os dereitos de voto ou o capital resultante do aseguramento dunha emisión ou dunha colocación de instrumentos financeiros nin da colocación de instrumentos financeiros baseada nun compromiso firme, sempre que os devanditos dereitos non se exerzan para intervir na administración do emisor e se cedan no prazo dun ano desde a súa adquisición.

Cando o Banco de España reciba dúas ou máis notificacións referidas á mesma entidade de crédito, tratará todos os adquirentes potenciais de forma non discriminatoria.

2. Toda persoa física ou xurídica, que por si soa ou actuando de forma concertada con outras, adquirise, directa ou indirectamente, unha participación nunha entidade de crédito española de tal maneira que a porcentaxe de dereitos de voto ou de capital posuído resulte igual ou superior ao 5 por cento, comunicarao inmediatamente por escrito ao Banco de España e á entidade de crédito correspondente, indicando a contía da participación alcanzada.»

Cinco. O artigo 58 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 58. Avaliación da adquisición proposta.

1. Ao examinar a notificación a que se refire o artigo 57.1, o Banco de España, coa finalidade de garantir unha xestión sa e prudente da entidade de crédito en que se propón a adquisición, e atendendo á posible influencia do adquirente potencial sobre esta, avaliará a idoneidade deste e a solidez financeira da adquisición proposta, de acordo cos seguintes criterios:

- a) A honorabilidade comercial e profesional do adquirente potencial;
- b) A honorabilidade comercial e profesional e a experiencia de administradores e directivos que vaian dirixir a actividade da entidade de crédito como consecuencia da adquisición proposta;
- c) A solvencia financeira do adquirente potencial para atender os compromisos asumidos, en especial en relación co tipo de actividade que se exerza ou estea previsto exercer na entidade de crédito en que se propón a adquisición;

d) A capacidade da entidade de crédito de cumprir de forma duradeira coas normas de ordenación e disciplina que lle sexan aplicables, e en particular, cando proceda, se o grupo do cal pasará a formar parte conta cunha estrutura que non impida exercer unha supervisión eficaz, e que permita proceder a un intercambio efectivo de información entre as autoridades competentes para levar a cabo tal supervisión e determinar a repartición de responsabilidades entre estas; e,

e) Que non existan indicios racionais que permitan supor que:

i) En relación coa adquisición proposta estanse a efectuar ou se efectuaron ou se intentaron efectuar operacións de branqueo de diñeiro ou financiamento do terrorismo no sentido previsto na normativa de prevención de tales actividades; ou,

ii) Que a citada adquisición non poida aumentar o risco de que se efectúen tales operacións.

Tan pronto como reciba a notificación, o Banco de España solicitará informe do Servizo Executivo da Comisión para a Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, co fin de obter unha valoración adecuada deste criterio. Coa devandita solicitude o Banco de España remitirá ao Servizo Executivo canta información recibise do adquirente potencial ou dispoña en exercicio das súas competencias que poida ser relevante para a valoración deste criterio. O Servizo Executivo deberá remitir o informe ao Banco de España no prazo máximo de 30 días hábiles contados desde o día seguinte a aquel en que recibise a solicitude coa información sinalada.

2. O Banco de España disporá dun prazo de 60 días hábiles, contados desde a data en que se xustificase a recepción da notificación a que se refire o artigo 57.1, para realizar a avaliación a que se refire o punto anterior e, de ser o caso, oporse á adquisición proposta. A xustificación da recepción realizarase por escrito no prazo de dous días hábiles contados desde a data da recepción da notificación polo Banco de España, sempre que esta vaia acompañada de toda a información que resulte exixible conforme o artigo 57.1, e nel indicarse ao adquirente potencial a data exacta en que expira o prazo de avaliación. Nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a notificación non contivese toda a información exixible, requirirase ao adquirente potencial para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue a información preceptiva, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da adquisición proposta.

Se o Banco de España non se pronunciase no prazo anterior entenderase que non existe oposición.

3. Se o considera necesario, o Banco de España poderá solicitar información adicional á que, con carácter xeral, procede exixir conforme o establecido no artigo 57.1, para avaliar convenientemente a adquisición proposta. Esta solicitude farase por escrito e nela especificarase a información adicional necesaria. Cando a solicitude de información adicional se realice dentro dos cincuenta primeiros días hábiles do prazo establecido no punto anterior, o Banco de España poderá interromper o cómputo deste, por unha única vez, durante o período que medie entre a data da solicitude de información adicional e a data de recepción desta. Esta interrupción poderá ter unha duración máxima de vinte días hábiles, que se poderá prolongar ata trinta días, nos supostos que regulamentariamente se determinen.

4. O Banco de España só se poderá opor á adquisición proposta cando haxa motivos razoables para iso, sobre a base dos criterios establecidos no punto 1 ou se a información achegada polo adquirente potencial está incompleta. Se, unha vez finalizada a avaliación, o Banco de España formulase obxeccións á adquisición proposta, informará diso ao adquirente potencial, por escrito e motivando a súa decisión, no prazo de dous días hábiles, sen que en ningún caso se poida superar o prazo máximo para realizar a avaliación.

Cando o Banco de España non se opoña á adquisición proposta, poderá establecer un prazo máximo para a conclusión desta e, cando proceda, prolongalo.

5. O Banco de España non poderá impor condicións previas en canto á contía da participación que se deba adquirir nin terá en conta as necesidades económicas do mercado ao realizar a avaliación.

6. As decisións adoptadas polo Banco de España mencionarán as posibles observacións ou reservas expresadas pola autoridade competente responsable da supervisión do adquirente potencial, consultada nos termos do artigo 58 bis.

7. Por petición do adquirente ou de oficio, o Banco de España poderá facer públicos os motivos que xustifican a súa decisión, sempre que a información revelada non afecte terceiros alleos á operación.»

Seis. Engádesse un novo artigo 58 bis que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 58 bis. *Colaboración entre autoridades supervisoras para a avaliación da adquisición proposta.*

1. O Banco de España, ao realizar a avaliación a que se refire o artigo anterior, deberá consultar coas autoridades responsables da supervisión noutros Estados membros da Unión Europea, cando o adquirente potencial sexa:

a) Unha entidade de crédito, unha empresa de seguros ou de reaseguros, unha empresa de servizos de investimento ou unha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro da Unión Europea;

b) A sociedade matriz dunha entidade de crédito, dunha empresa de seguros ou de reaseguros, dunha empresa de servizos de investimento ou dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro da Unión Europea;

c) Unha persoa física ou xurídica que exerza o control dunha entidade de crédito, dunha empresa de seguros ou de reaseguros, dunha empresa de servizos de investimento ou dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro da Unión Europea.

2. O Banco de España, ao realizar a avaliación a que se refire o artigo anterior, consultará:

a) Coa Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que o adquirente potencial sexa unha empresa de servizos de investimento ou unha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo, unha sociedade matriz dunha empresa de servizos de investimento ou dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou unha persoa física ou xurídica que exerza o control dunha empresa de servizos de investimento ou dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo.

b) Coa Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, sempre que o adquirente potencial sexa unha empresa de seguros ou reaseguros, ou unha sociedade xestora de fondos de pensións, ou unha sociedade matriz dunha empresa de seguros ou reaseguros ou dunha sociedade xestora de fondos de pensións, ou unha persoa física ou xurídica que exerza o control dunha empresa de seguros ou reaseguros ou dunha sociedade xestora de fondos de pensións.

3. O Banco de España atenderá reciprocamente as consultas que lle remitan as autoridades responsables da supervisión dos adquirentes potenciais doutros Estados membros e, de ser o caso, a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Ademais, facilitaralles de oficio e sen atrasos inxustificables, toda a información que resulte esencial para a avaliación, así como o resto de información que soliciten, sempre e cando esta resulte oportuna para a avaliación.»

Sete. O artigo 59 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 59. Efectos do incumprimento das obrigacións relativas ás participacións en entidades de crédito.

Cando se efectúe unha das adquisicións reguladas no artigo 57.1 sen terlo notificado previamente ao Banco de España, ou se, téndollo notificado, non transcorrese aínda o prazo previsto no artigo 58.2, ou se mediase a oposición expresa do Banco de España, produciranse os seguintes efectos:

a) En todo caso e de forma automática, non se poderán exercer os dereitos políticos correspondentes ás participacións adquiridas irregularmente. Se, non obstante, se chegasen a exercer, os correspondentes votos serán nulos e os acordos serán impugnables en vía xudicial, segundo o previsto na sección 2.^a do capítulo V do Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, estando lexitimado para o efecto o Banco de España.

b) Se for preciso, acordarase a intervención da entidade ou a substitución dos seus administradores, segundo o previsto no título III.

Ademais, imponranse as sancións previstas no título I.»

Oito. O artigo 60 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 60. Redución de participacións.

Toda persoa física ou xurídica que decidise deixar de ter, directa ou indirectamente, unha participación significativa nunha entidade de crédito, notificarao primeiro ao Banco de España, indicando a contía da súa participación prevista. A devandita persoa deberá tamén notificar ao Banco de España se decidiu reducir a súa participación significativa de tal maneira que a porcentaxe de dereitos de voto ou de capital posuído resulte inferior ao 20, 30 ou 50 por cento ou ben que se podería chegar a perder o control da entidade de crédito.

O incumprimento deste deber poderá ser sancionado segundo o previsto no título I.»

Artigo terceiro. Modificación do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro.

Un. A alínea e) do artigo 5.2 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados queda redactado do seguinte modo:

«e) Indicar as achegas e participacións no capital social ou fondo mutual de todos os socios, os cales deberán reunir os requisitos expresados no artigo 14 cando sexan titulares dunha participación significativa conforme o disposto no artigo 22 desta lei. Deberase facer constar expresamente qué socios teñen a condición de entidade de seguros, entidade de crédito ou empresa de servizos de investimento, así como, de ser o caso, as participacións, independentemente da súa contía, das que sexa titular calquera socio nunha entidade de seguros, unha entidade de crédito ou unha empresa de servizos de investimento.»

Dous. O artigo 22 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 22. *Participacións significativas en entidades aseguradoras.*

Para os efectos desta lei, enténdese por participación significativa nunha entidade aseguradora aquela que alcance, de forma directa ou indirecta, polo menos un 10 por cento do capital social ou dos dereitos de voto. Tamén ten a consideración de participación significativa aquela que, sen chegar á porcentaxe sinalada, permita

exercer unha influencia notable na xestión da entidade aseguradora. Regulamentariamente determinarase cando se deba presumir que unha persoa física ou xurídica pode exercer a devandita influencia notable, tendo en conta para estes efectos, entre outras, a posibilidade de nomear ou destituír algún membro do seu consello de administración.

Para os efectos do disposto neste artigo, non se terán en conta os dereitos de voto ou a porcentaxe de capital resultante do aseguramento dunha emisión ou dunha colocación de instrumentos financeiros nin da colocación de instrumentos financeiros baseada nun compromiso firme, sempre que os devanditos dereitos non se exerzan para intervir na administración do emisor e se cedan no prazo dun ano desde a súa adquisición.

O disposto neste artigo para as entidades aseguradoras entenderase sen prexuízo da aplicación das normas sobre ofertas públicas de adquisición e información sobre participacións significativas contidas na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores e nas súas normas de desenvolvemento.

Cando a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións reciba dúas ou máis notificacións referidas á mesma entidade, tratará a todos os que pretendan adquirir unha participación de forma non discriminatoria.»

Tres. Créase un novo artigo 22 bis no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados coa seguinte redacción:

«Artigo 22 bis. Obrigacións relativas ás participacións en entidades aseguradoras.

1. Toda persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada con outras, adquirise directa ou indirectamente unha participación nunha entidade aseguradora, de forma que a súa porcentaxe de capital ou de dereitos de voto resulte igual ou superior ao 5 por cento, informará inmediatamente por escrito a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e a entidade aseguradora correspondente, indicando a contía da participación alcanzada.

2. Toda persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada con outra, decidise adquirir, directa ou indirectamente, mesmo nos supostos de aumento ou redución de capital, fusións e escisións, unha participación significativa nunha entidade aseguradora ou ben incrementar a súa participación significativa, de modo que a proporción dos seus dereitos de voto ou de participacións no capital chegue a ser igual ou superior aos límites do 20 por cento, 30 por cento ou 50 por cento e tamén cando en virtude da adquisición se puidese chegar a controlar a entidade aseguradora, notificarao previamente por escrito á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, facendo constar a contía da devandita participación, os termos e as condicións da adquisición e o prazo máximo en que se pretenda realizar a operación e achegará a documentación que regulamentariamente se estableza. A devandita información deberá ser pertinente para a avaliación, e proporcional e axeitada á natureza de quen se propón adquirir ou incrementar a participación e da adquisición proposta.

Co fin de determinar a existencia dunha relación de control, observarase o disposto no artigo 42 do Código de comercio.

3. Cando se efectúe unha das adquisicións ou incrementos regulados no punto 2 deste artigo, sen terllo notificado previamente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou se, téndollo notificado, non transcorrese aínda o prazo previsto no artigo 22 ter, ou se mediase a oposición expresa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, produciranse os seguintes efectos:

a) En todo caso e de forma automática, non se poderán exercer os dereitos políticos correspondentes ás participacións adquiridas irregularmente. Se, non obstante, se chegasen a exercer, os correspondentes votos serán nulos e os acordos serán impugnables conforme o previsto na sección 2.^a do capítulo V do texto

refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, para o cal estará lexitimada a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

b) Se for preciso, adoptaranse sobre a entidade aseguradora algunha ou algunhas das medidas de control especial previstas no artigo 39.

c) Ademais, imporanse as sancións administrativas previstas na sección 5.^a do capítulo III deste título II.

4. Cando se acredite que os titulares dunha participación significativa exercen unha influencia que vaia en detrimento da xestión sa e prudente dunha entidade aseguradora, que dane gravemente a súa situación financeira, poderanse adoptar algunha ou algunhas das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do punto 3 deste artigo, ben que a suspensión dos dereitos de voto non poderá exceder os tres anos. Con carácter excepcional, o ministro de Economía e Facenda, por proposta da Dirección Xeral Seguros e Fondos de Pensións, poderá revogar a autorización.

5. Toda persoa física ou xurídica que decidise deixar de ter, directa ou indirectamente, unha participación significativa nalgunha entidade aseguradora, notificarao previamente por escrito á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e comunicará a contía prevista da diminución da súa participación. A devandita persoa deberá tamén notificar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións se decidiu reducir a súa participación significativa, de tal forma que a porcentaxe de dereitos de voto ou capital posuído resulte inferior ao 20, 30 ou 50 por cento ou ben que puider chegar a perder o control da entidade aseguradora.

O incumprimento deste deber de información será sancionado segundo o previsto na sección 5.^a do capítulo III deste título II.

6. A obrigaón a que se refiren os puntos 2 e 5 anteriores corresponde tamén á entidade aseguradora da cal se adquira, aumente, diminúa ou deixe de ter a participación significativa referida.

Ademais, as entidades aseguradoras comunicarán, ao tempo de presentaren a súa información periódica, e tamén cando sexan requiridas para o efecto pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a identidade dos accionistas ou socios que posúan participacións significativas, a contía das devanditas participacións e as alteracións que se produzan no conxunto de accionistas. En particular, os datos sobre participación significativa obteranse da xunta xeral anual de accionistas ou socios, ou da información recibida en virtude das obrigaóns derivadas da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.»

Catro. Créase un novo artigo 22 ter no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados coa seguinte redacción:

«Artigo 22 ter. *Avaliación da adquisición de participacións significativas.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, coa finalidade de garantir unha xestión sa e prudente da entidade aseguradora na cal se propón a adquisición ou incremento, e atendendo á posible influencia notable de quen se propón adquirir ou incrementar a participación sobre esta, avaliará a idoneidade deste e a solidez financeira da adquisición ou incremento proposto, de acordo cos seguintes criterios:

a) A honorabilidade comercial e profesional de quen se propón adquirir ou incrementar a participación.

b) A honorabilidade comercial e profesional e a experiencia dos que fosen levar a dirección efectiva da entidade aseguradora como consecuencia da adquisición ou incremento proposto.

c) A solvencia financeira con que contan os que se propoñen adquirir ou incrementar a participación, para atender os compromisos asumidos en relación co tipo de actividade que se exerza ou estea previsto exercer na entidade aseguradora.

d) A solvencia e capacidade da entidade aseguradora para cumprir de forma duradeira coas normas de ordenación e supervisión que lle sexan aplicables e, en particular, cando proceda, se o grupo do cal pasará a formar parte conta cunha estrutura que non impida exercer unha supervisión eficaz ou obter a información necesaria, e que permita proceder a un intercambio efectivo de información entre as autoridades competentes para levar a cabo tal supervisión e determinar a repartición de responsabilidades entre elas.

e) Que non existan indicios racionais que permitan supor que:

i) En relación coa adquisición proposta, estanse a efectuar ou se efectuaron ou se intentaron efectuar operacións de branqueo de diñeiro ou financiamento do terrorismo no sentido previsto na normativa de prevención de tales actividades; ou,

ii) Que a citada adquisición non poida aumentar o risco de que se efectúen tales operacións.

Tan pronto como reciba a notificación a que se refire o artigo 22 bis.2, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións solicitará informe do Servizo Executivo da Comisión para a Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, co fin de obter unha valoración adecuada deste criterio. Coa devandita solicitude, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións remitirá ao Servizo Executivo canta información recibise de quen se propón adquirir ou incrementar a participación ou dispoña en exercicio das súas competencias que poida ser relevante para a valoración deste criterio. O Servizo Executivo deberá remitir o informe á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo máximo de 30 días hábiles contados desde o día seguinte a aquel en que recibise a solicitude coa información sinalada.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións disporá dun prazo máximo de sesenta días hábiles contados desde a data en que se xustificase a recepción da notificación a que se refire o punto 2 do artigo 22 bis, para avaliar a operación e, de ser o caso, oporse á adquisición da participación significativa ou de cada un dos seus incrementos que iguallen ou superen os ditos límites ou que convertan a entidade aseguradora en sociedade controlada polo titular da participación significativa. A xustificación da recepción realizarase por escrito no prazo de dous días hábiles contados desde a data da recepción da notificación pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, sempre que esta vaia acompañada de toda a documentación que resulte exixible conforme o citado artigo 22 bis.2, e nel indicarse a data exacta en que expira o prazo de avaliación. Nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a notificación non contivese toda a información exixible, requirirase quen se propón adquirir ou incrementar a participación para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue a información preceptiva, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da adquisición proposta.

Se o considera necesario, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá solicitar información adicional á que, con carácter xeral, procede exixir conforme o establecido no artigo 22 bis, para avaliar convenientemente a adquisición proposta. Esta solicitude farase por escrito e nela especificarase a información adicional necesaria. Cando a solicitude de información adicional se realice dentro dos cincuenta primeiros días hábiles do prazo establecido no parágrafo anterior, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá interromper o seu cómputo, por unha única vez, durante o período que medie entre a data da solicitude de información adicional e a data de recepción desta. Esta interrupción poderá ter unha duración máxima de vinte días hábiles, que se poderá prolongar ata trinta días nos supostos que regulamentariamente se determinen.

A oposición da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións á adquisición ou incremento pretendido deberase fundar en motivos razoables sobre a base dos

criterios establecidos no punto 1 deste artigo, ou en que a información achegada para a avaliación é incompleta. Se a devandita dirección xeral non se opón á adquisición ou incremento de participación significativa, poderá fixar un prazo máximo distinto ao comunicado para efectuar a adquisición, e prolongalo cando proceda.

Se, unha vez finalizada a avaliación, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións formulase obxeccións á adquisición proposta, informará diso a quen se propón adquirir ou incrementar a participación, por escrito e motivando a súa decisión, no prazo de dous días hábiles, sen que en ningún caso se poida superar o prazo máximo para realizar a avaliación.

Se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións non se pronunciasse no prazo de avaliación, poderase proceder á adquisición ou incremento da participación.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións non poderá impor condicións previas en canto á contía da participación que se deba adquirir, nin terá en conta as necesidades económicas do mercado ao realizar a avaliación.

A resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións deberá recoller, de ser o caso, as posibles observacións ou reservas expresadas pola autoridade responsable da supervisión do adquirente.

Por petición do adquirente ou de oficio, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá facer públicos os motivos que xustifiquen a súa decisión, sempre que a información revelada non afecte terceiros alleos á operación.»

Cinco. Créase un novo artigo 22 quáter no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados coa seguinte redacción:

«Artigo 22 quáter. Colaboración entre entidades supervisoras para a avaliación da adquisición.

1. Para os efectos da avaliación a que se refire o artigo 22 ter., a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións consultará coas autoridades responsables da supervisión dos adquirentes doutros Estados membros do Espazo Económico Europeo sempre que o adquirente sexa:

a) Unha entidade de crédito, unha empresa de seguros ou reaseguros, unha empresa de servizos de investimento ou unha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo.

b) A sociedade matriz dunha entidade de crédito, unha empresa de seguros ou de reaseguros, unha empresa de servizos de investimento ou unha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado do Espazo Económico Europeo.

c) Unha persoa física ou xurídica que exerza o control dunha entidade de crédito, unha empresa de seguros ou de reaseguros, unha empresa de servizos de investimento ou unha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo.

2. Para eses mesmos efectos, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións consultará:

a) Co Banco de España, sempre que o adquirente sexa unha entidade de crédito, ou unha sociedade matriz dunha entidade de crédito, ou unha persoa física ou xurídica que exerza o control dunha entidade de crédito.

b) Coa Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que o adquirente sexa unha empresa de servizos de investimento ou unha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo, ou unha sociedade matriz dunha empresa de servizos de investimento ou sociedade xestora de institucións de investimento

colectivo, ou unha persoa física ou xurídica que exerza o control dunha empresa de servizos de investimento ou sociedade xestora de institucións de investimento colectivo.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións atenderá reciprocamente as consultas que lle remitan as autoridades competentes doutros Estados membros e, de ser o caso, o Banco de España ou a Comisión Xeral do Mercado de Valores. Ademais, facilitaralles de oficio e sen atrasos inxustificadas toda a información que resulte esencial para a avaliación, así como o resto de información que soliciten, sempre e cando esta resulte oportuna para a avaliación.»

Seis. As alíneas f) e g) do artigo 40.3 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados pasan a ter a seguinte redacción:

«f) A adquisición ou incremento de participación significativa nunha entidade aseguradora incumprindo o disposto no artigo 22 bis.

g) Pór en perigo a xestión sa e prudente dunha entidade aseguradora mediante a influencia exercida polo titular dunha participación significativa, segundo o previsto no artigo 22 bis.4.»

Sete. O punto 6 do artigo 58.bis do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados pasa a ter a seguinte redacción:

«6. Serán de aplicación ás entidades reaseguradoras a que se refire este artigo as normas sobre participacións significativas contidas nos artigos 22, 22 bis, 22 ter e 22 quáter desta lei.»

Oito. O parágrafo segundo do punto 4 do artigo 77 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados pasa a ter a seguinte redacción:

«O expresado no parágrafo anterior será tamén aplicable ao procedemento de tramitación de comunicacións de adquisición de participacións significativas, a que se refire o artigo 22.ter, en entidades aseguradoras españolas por entidades domiciliadas en Estados non integrados no Espazo Económico Europeo.»

Disposición adicional primeira. *Medidas que se establecen no ámbito aeroportuario:*

1. Taxas de ateraxe de aeronaves e taxas aplicables aos pasaxeiros.

Desde o 1 de xullo ao 31 de decembro de 2009, a bonificación do 15 por 100 establecida polo artigo 103 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, pasará a ser do 30 por 100.

2. Subvención extraordinaria para o fomento do transporte aéreo de pasaxeiros.

Os suxeitos pasivos da tarifa B.1, establecida no artigo 4 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, terán dereito a unha subvención equivalente ao importe da tarifa percibida por cada pasaxeiro adicional que transportasen no segundo semestre de 2009, respecto dos transportados no mesmo semestre do ano 2008.

A subvención deberase solicitar dentro do mes de xaneiro de 2010, e será satisfeita por AENA compensando o seu importe con calquera cantidade que lle deban os beneficiarios e, non sendo isto posible en todo ou en parte, mediante o seu aboamento en diñeiro antes do 31 de maio de 2010.

Disposición adicional segunda. *Revisión do sistema comunitario de comercio de dereitos de emisión.*

Obrigacións de información para sectores que se incorporan ao réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro:

1. Os titulares das instalacións que desenvolven actividades enumeradas no anexo e que non se encontren suxeitas ao réxime de comercio de dereitos de emisión no período

2008-2012 deberán presentar, antes do 30 de abril de 2010, aos órganos competentes das comunidades autónomas, datos de emisións correspondentes aos anos 2007 e 2008, de conformidade coa normativa comunitaria e co que se determine regulamentariamente. Os devanditos datos deberán ser presentados debidamente documentados e verificados de forma independente por un verificador acreditado no ámbito do comercio de dereitos de emisión. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitiranos á Secretaría de Estado de Cambio Climático nun prazo máximo de dez días desde a súa recepción.

2. Cada operador de aeronaves cuxa xestión corresponde a España de acordo cos criterios definidos no anexo deberá:

a) Levar a cabo o seguimento das emisións de dióxido de carbono das aeronaves que operan desde o 1 de xaneiro de 2010.

b) Realizar o seguimento dos datos de toneladas-quilómetro en relación coas actividades de aviación realizadas por eles no ano 2010, entendidos como o resultado de multiplicar, para cada voo, a distancia pola carga útil transportada.

c) Presentar antes do 31 de agosto de 2009, ante o Ministerio Fomento, unha proposta de plan de seguimento das emisións de CO₂ e dun plan de seguimento dos datos de toneladas-quilómetro transportadas. Nos devanditos plans propondrá as medidas para realizar o seguimento e a notificación dos seus datos de emisións e de toneladas-quilómetro transportadas, de conformidade co sinalado nos parágrafos anteriores. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, por proposta do Ministerio de Fomento, deberá aprobar os plans de seguimento antes do 31 de decembro de 2009. A Secretaría de Estado de Cambio Climático informará a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático dos plans de seguimento aprobados.

As obrigacións previstas neste punto realizaranse conforme o establecido na Decisión da Comisión 2009/339/CE, do 16 de abril de 2009, pola que se modifica a Decisión 2007/589/CE en relación coa inclusión de directrices para o seguimento e a notificación de emisións e datos sobre as toneladas-quilómetro resultantes das actividades de aviación.

3. Habilítase o Goberno para desenvolver regulamentariamente as previsións deste artigo, así como para determinar a listaxe de operadores aos cales resulta de aplicación o punto 2.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.*

O artigo 28 do texto refundido da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 28. Vínculos estreitos e réxime de participacións significativas.

1. As sociedades de corredoría de seguros deberán informar a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións de calquera relación que pretendan establecer con persoas físicas ou xurídicas que poida implicar a existencia de vínculos estreitos, así como da proxectada transmisión de accións ou participacións que puidese dar lugar a un réxime de participacións significativas. Será necesaria a falta de oposición previa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para levar a cabo estas operacións.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións disporá dun prazo de tres meses, a partir da presentación da información, para se opor á adquisición da participación significativa ou de cada un dos seus incrementos que iguallen ou superen os límites do 20 por cento, 30 por cento ou 50 por cento e tamén cando en virtude da adquisición, se puidese chegar a controlar a sociedade de corredoría. A oposición

deberase fundar en que quen pretenda adquirila non sexa idóneo para garantir unha xestión sa e prudente da sociedade. Se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións non se pronunciase no prazo de tres meses, poderase proceder á adquisición ou incremento de participación. Se a devandita dirección xeral expresa a súa conformidade á adquisición ou incremento de participación significativa, poderá fixar un prazo máximo distinto ao comunicado para efectuar a adquisición.

3. Non poderán ter vínculos estreitos ou participación significativa nas sociedades de corredoría de seguros as persoas físicas ou xurídicas que fosen suspendidas nas súas funcións de dirección de entidades aseguradoras, de sociedades de mediación en seguros ou como axentes de seguros, ou separadas das devanditas funcións.

4. Para os efectos do disposto nesta lei enténdese por vínculo estreito e por participación significativa os así definidos nos artigos 8 e 22, respectivamente, do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, dos cales se aplicarán as súas disposicións, así como do artigo 22.bis salvo o seu punto 1, pero entendéndose substituída a referencia a entidades aseguradoras pola de sociedades de corredoría de seguros.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

Un. Créase un novo artigo 28 bis na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, coa seguinte redacción:

«Artigo 28 bis. Outras operacións.

Cando, por circunstancias excepcionais relativas aos instrumentos financeiros en que investise unha institución de investimento colectivo, aos seus emisores ou aos mercados, non resulte posible a valoración ou a venda ao seu valor razoable dos devanditos instrumentos e deriven prexuízos graves en termos de equidade para os intereses dos partícipes ou accionistas, a sociedade xestora ou a sociedade de investimento, co coñecemento do depositario, poderá transferir os activos afectados por estas circunstancias incorporándoos noutra institución de investimento colectivo ou compartimento, de nova creación, e da mesma forma xurídica que a IIC orixinal, nas condicións que regulamentariamente se determinen.

Esta operación non requirirá autorización previa por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores, ben que será necesaria a súa comunicación previa por parte da sociedade xestora ou a sociedade de investimento, e tampouco dará lugar ao dereito de separación recollido no artigo 12.2 desta lei.

Reglamentariamente determinaranse e concretaranse as especificidades das institucións de investimento colectivo ou compartimentos resultantes da operación, entre outras, o réxime de subscrición e reembolso de participacións ou accións; de información, publicidade e contabilidade; e os requisitos relativos ao patrimonio e aos partícipes ou accionistas.»

Dous. O artigo 45 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, queda redactado do seguinte modo:

« 1. Para os efectos desta lei, entenderase por participación significativa nunha sociedade xestora aquela que alcance, de forma directa ou indirecta, polo menos o dez por cento do capital ou dos dereitos de voto da sociedade.

Tamén terá a consideración de participación significativa, nos termos, que se determinen regulamentariamente, aquela que, sen chegar á porcentaxe sinalada, permita exercer unha influencia notable na sociedade.

2. Toda persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada con outras, adquirise, directa ou indirectamente, unha participación nunha sociedade xestora, de tal forma que a súa porcentaxe de dereitos de voto ou

de capital posuído resulte igual ou superior ao 5 por cento, comunicarao inmediatamente por escrito á Comisión Nacional do Mercado de Valores e á sociedade xestora correspondente, indicando a contía da participación alcanzada.

3. Toda persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada con outras, pretenda adquirir, directa ou indirectamente, unha participación significativa nunha sociedade xestora ou ben incrementar, directamente ou indirectamente, a súa participación significativa de tal forma que a súa porcentaxe de capital ou dereitos de voto alcance ou supere o 20 por cento, 30 por cento ou 50 por cento, deberá informar previamente diso a Comisión Nacional do Mercado de Valores, indicando a contía da devandita participación, o modo de adquisición e o prazo máximo en que se pretenda realizar a operación. En todo caso, esta obrigaón será tamén exigible a quen en virtude da adquisición pretendida puidese chegar a controlar a sociedade xestora.

4. Entenderase que existe unha relación de control para os efectos deste título sempre que se dea algún dos supostos previstos no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

5. Será de aplicación para a adquisición dunha participación significativa nunha sociedade xestora o previsto no artigo 69.4, 5, 6 e 7 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coas adaptacións que se establezan regulamentariamente.

6. No suposto de que, como consecuencia da adquisición, a sociedade xestora fose quedar baixo algunha das modalidades de control previstas no punto 3 do artigo 41 desta lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá consultar coa autoridade supervisora competente.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá suspender a súa decisión ou limitar os seus efectos cando, en virtude da adquisición, a sociedade xestora vaia quedar controlada por unha empresa autorizada nun Estado non membro da Unión Europea e se dean as circunstancias previstas no punto 4 do artigo 66 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

7. Cando se efectúe unha adquisición das reguladas no punto 3 sen ter informado previamente a Comisión Nacional do Mercado de Valores; logo de informala, pero sen que transcorrese aínda o prazo previsto no punto 5 deste artigo, ou coa oposición expresa da Comisión Nacional do Mercado de Valores, produciranse os seguintes efectos:

a) En todo caso, e de forma automática, non se poderán exercer os dereitos políticos correspondentes ás participacións adquiridas irregularmente. Se, non obstante, se chegasen a exercer, os correspondentes votos serán nulos e os acordos serán impugnables en vía xudicial, segundo o previsto na Lei de sociedades anónimas, estando lexitimada para o efecto a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

b) Poderase acordar a suspensión de actividades prevista no artigo 51 desta lei.

c) Se for preciso, acordarase a intervención da empresa ou a substitución dos seus administradores, segundo o previsto no artigo 72 desta lei.

Ademais, poderanse impor as sancións previstas no título VI desta lei.

8. Toda persoa física ou xurídica que, directa ou indirectamente, pretenda deixar de ter unha participación significativa nunha sociedade xestora, que pretenda reducir a súa participación de forma que esta se reduza por debaixo dalgúns dos niveis previstos no punto 3 deste artigo, ou que, en virtude do alleamento pretendido, poida perder o control da sociedade, deberá informar previamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, indicando a contía da operación proposta e o prazo previsto para levala a cabo.

O incumprimento deste deber de información será sancionado segundo o previsto no título VI desta lei.

9. As sociedades xestoras deberán comunicar a Comisión Nacional do Mercado de Valores, en canto teñan coñecemento diso, as adquisicións ou cesións de participacións no seu capital que traspasen algún dos niveis sinalados nos puntos anteriores. As devanditas sociedades non inscribirán no seu libro rexistro de accións as transmisións de accións que estean sometidas á obrigação de comunicación previa establecida conforme este artigo ata que se xustifique a non-oposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, de ser o caso, ata que se lles acredite que se realizou a comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores e que transcorreu o prazo establecido para a oposición.

10. Cando existan razóns fundadas e acreditadas de que a influencia exercida polas persoas que posúan unha participación significativa nunha sociedade xestora poida resultar en detrimento da xestión correcta e prudente desta e danar gravemente a súa situación financeira, a Comisión Nacional do Mercado de Valores adoptará algunha ou algunhas das seguintes medidas:

- a) As previstas nas alíneas a) e b) do punto 7 deste artigo, ben que a suspensión dos dereitos de voto non poderá exceder os tres anos.
- b) Con carácter excepcional, a revogación da autorización.

Ademais, poderanse impor as sancións que procedan segundo o previsto no título VI desta lei.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei de sociedades anónimas.*

Engádesse un novo punto 3 ao artigo 293 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, coa seguinte redacción:

«3. No caso de sociedades cotizadas, cando a xunta xeral delegue nos administradores a facultade de emitir obrigacións convertibles, poderá atribuírles tamén a facultade de excluír o dereito de subscripción preferente en relación ás emisións de obrigacións convertibles que sexan obxecto de delegación cando o interese da sociedade así o exixa. Para estes efectos, deberá constar expresamente a devandita proposta de exclusión na convocatoria de xunta xeral e porase á disposición dos accionistas un informe dos administradores en que se xustifique a proposta. Así mesmo, con ocasión de cada acordo de emisión de obrigacións convertibles que se realice con cargo a esa delegación, deberase elaborar o informe dos administradores e o informe do auditor de contas requiridos nos puntos 2.b) e c) anteriores, referidos a cada emisión concreta. Os devanditos informes serán postos á disposición dos accionistas e comunicados á primeira xunta xeral que teña lugar tras o acordo de ampliación».

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei sobre réxime de sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulización hipotecaria.*

A Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime de sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulización hipotecaria modifícase nos seguintes termos:

Un. O punto 3 do artigo quinto queda redactado co seguinte teor literal:

«A constitución de fondos deberá ser obxecto de verificación e rexistro pola Comisión Nacional do Mercado de Valores nos termos previstos na Lei 24/1988 para a emisión de valores, coas adaptacións que regulamentariamente se poidan establecer. Nin os fondos nin os valores que se emitan con cargo a eles serán obxecto de inscrición no rexistro mercantil, nin quedarán suxeitos ao disposto na Lei 211/1964, do 24 de decembro, sobre emisión de obrigacións por persoas xurídicas que non sexan sociedades anónimas.

Os fondos extinguiranse, en todo caso, ao se amortizaren integramente as participacións hipotecarias que agrupen. Tamén se poderá prever expresamente na escritura de constitución a súa liquidación anticipada cando o importe das participacións hipotecarias pendente de amortización sexa inferior ao 10% do inicial, debendo, en tal caso, determinarse na escritura a forma en que se disporá dos activos remanentes do fondo.»

Dous. Engádesse un novo artigo sétimo, coa seguinte redacción:

«Artigo sétimo. Modificación da escritura pública de constitución de fondos de titulización hipotecaria e de fondos de titulización de activos.

1. A escritura pública de constitución dun fondo, sexa de titulización hipotecaria ou de titulización de activos, poderá ser modificada de conformidade co disposto neste artigo. En todo caso, a modificación deberá ser instada pola sociedade xestora encargada da administración e representación legal do fondo.

2. A modificación non poderá en ningún caso:

- a) Alterar a natureza dos activos cedidos ao fondo,
- b) Transformar un fondo de titulización hipotecaria nun de titulización de activos, ou viceversa, ou,
- c) Supor, de facto, a creación dun novo fondo.

3. Para proceder á modificación da escritura de constitución dun fondo, a sociedade xestora deberá acreditar:

a) A obtención do consentimento de todos os titulares dos valores emitidos con cargo ao fondo, así como das entidades prestamistas e demais acredores que, se é o caso, puidesen existir e sempre que resultasen afectados pola modificación;

b) A concorrencia dalgún dos supostos sinalados a continuación, cando non se solicite o consentimento sinalado na alínea anterior:

i) Que a modificación sexa, ao xuízo da Comisión Nacional do Mercado de Valores, de escasa relevancia. En todo caso, non se considerarán de escasa relevancia as modificacións que afecten os valores emitidos con cargo ao fondo, as regras do proceso de liquidación respecto aos valores emitidos ou as regras para o cálculo dos recursos dispoñibles que recibe o fondo e a súa repartición entre as obrigacións de pagamento respecto aos valores emitidos.

En calquera caso, a sociedade xestora deberá acreditar que a modificación non supón mingua das garantías e dereitos dos titulares de valores emitidos, que non establece novas obrigacións para estes e que as cualificacións outorgadas aos pasivos do fondo se manteñen ou melloran tras a modificación.

ii) Que, tratándose dun fondo aberto polo pasivo, a modificación só afecte os dereitos e obrigacións dos titulares de valores emitidos con posterioridade á data de outorgamento da escritura pública de modificación. Nestes casos, a sociedade xestora deberá acreditar que a modificación mantén ou mellora a cualificación outorgada aos valores emitidos con anterioridade a aquela.

4. Con carácter previo ao outorgamento da escritura pública, a sociedade xestora deberá acreditar ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores o cumprimento do disposto neste artigo. Unha vez comprobado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores o devandito cumprimento, a sociedade xestora outorgará a escritura de modificación e achegaralle á Comisión Nacional do Mercado de Valores unha copia autorizada desta para a súa incorporación ao rexistro público correspondente. A modificación da escritura de constitución do fondo será difundida pola sociedade xestora a través da información pública periódica do fondo, e deberase publicar na páxina web da sociedade xestora. Cando resulte exixible, deberase elaborar un suplemento ao folleto do fondo e comunicarse e difundirse

como información relevante de acordo co disposto no artigo 92 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto lei 18/1982, do 24 de setembro, sobre fondos de garantía de depósitos en caixas de aforro e cooperativas de crédito.*

O punto 1 do artigo quinto do Real decreto lei 18/1982, do 24 de setembro, sobre fondos de garantía de depósitos en caixas de aforro e cooperativas de crédito, queda redactado como segue:

«1. Os fondos satisfarán aos seus titulares o importe dos depósitos garantidos cando se produza algún dos seguintes feitos:

- a) Que a entidade fose declarada en estado de quebra;
- b) Que se teña xudicialmente por solicitada a declaración de suspensión de pagamentos da entidade; ou,
- c) Que, téndose producido a falta de pagamento de depósitos, o Banco de España determine que a entidade se encontra na imposibilidade de restituílos no futuro inmediato por razóns directamente relacionadas coa súa situación financeira. O Banco de España tomará a devandita determinación o antes posible e, en calquera caso, deberá resolver dentro do prazo máximo que se determine regulamentariamente, tras ter comprobado que a entidade non logrou restituír os depósitos vencidos e exixibles.»

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.6ª, 11ª e 13ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado as competencias exclusivas sobre lexislación mercantil, bases da ordenación do crédito, banca e seguros, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira sétima. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habíltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento, execución e cumprimento do previsto nesta lei.

Disposición derradeira oitava. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2007/44/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se modifica a Directiva 92/49/CEE do Consello e as directivas 2002/83/CE, 2004/39/CE, 2005/68/CE e 2006/48/CE no que atinxe as normas procedementais e os criterios de avaliación aplicables en relación coa avaliación cautelar das adquisicións e dos incrementos de participacións no sector financeiro.

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de xuño de 2009

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO

1. Actividades incluídas no réxime de comercio de dereitos de emisión a partir de 2013:

1. Non están incluídas as instalacións ou partes de instalacións cuxa dedicación principal sexa a investigación, desenvolvemento e experimentación de novos produtos e procesos, nin as instalacións que queimen exclusivamente biomasa.

2. Os valores limiar que figuran máis adiante refírense, en xeral, á capacidade de produción ou ao rendemento. Se varias actividades encadradas na mesma categoría se realizan na mesma instalación, sumaranse as capacidades das devanditas actividades para determinar se a instalación está ou non incluída no ámbito de aplicación desta lei.

3. Cando se calcule a potencia térmica nominal total dunha instalación para decidir sobre a súa inclusión no ámbito de aplicación desta lei, sumaranse as potencias térmicas nominais de todas as unidades técnicas que formen parte desta en que se utilicen combustibles dentro da instalación. Estas unidades poden incluír todo tipo de caldeiras, queimadores, turbinas, quentadores, fornos, incineradores, calcinadores, cocedores, estufas, secadoras, motores, pilas de combustible, unidades de combustión con transportadores de oxíxeno (chemical looping), fachos e unidades de poscombustión térmicas ou catalíticas. As unidades cunha potencia térmica nominal inferior a 3 MW e as que utilicen exclusivamente biomasa non se terán en conta para os efectos deste cálculo. As «unidades que utilizan exclusivamente biomasa» inclúen as que utilizan combustibles fósiles unicamente durante o arranque ou a parada da unidade.

4. Se unha unidade se destina a unha actividade para a cal o limiar non se expresa en potencia térmica nominal total, o limiar desta actividade será determinante para os efectos da decisión sobre a integración no ámbito de aplicación do réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión.

5. Cando se detecte que nunha instalación se supera o limiar de capacidade para calquera das actividades a que se refire este anexo, incluíranse na autorización de emisións de gases de efecto invernadoiro todas as unidades en que se utilicen combustibles e que non sexan unidades de incineración de residuos perigosos ou de residuos urbanos.

Actividades	Gases de efecto invernadoiro
1. Combustión en instalacións cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW, incluíndo: a) A produción de enerxía eléctrica de servizo público. b) A coxeración que dá servizo en sectores non enumerados nos puntos 2 a 28. c) A combustión noutras instalacións cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW non incluídas nos puntos 2 a 25. Quedan excluídas as instalacións de residuos perigosos ou de residuos urbanos.	Dióxido de carbono
2. Refinaría de petróleo.	Dióxido de carbono
3. Produción de coque.	Dióxido de carbono
4. Calcinación ou sinterización, incluída a peletización, de minerais metálicos, incluído o mineral sulfurado.	Dióxido de carbono
5. Produción de gusa ou de aceiro (fusión primaria ou secundaria), incluídas as correspondentes instalacións de coadura continua dunha capacidade de máis de 2,5 toneladas por hora.	Dióxido de carbono
6. Produción e transformación de metais férreos (como ferroalixes) cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total superior a 20 MW. A transformación inclúe, entre outros elementos, laminadores, requentadores, fornos de recocemento, forxas, fundición e unidades de recubrimento e decapaxe.	Dióxido de carbono
7. Produción de aluminio primario.	Dióxido de carbono e perfluorocarburos
8. Produción de aluminio secundario cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total superior a 20 MW.	Dióxido de carbono

Actividades	Gases de efecto invernadoiro
9. Produción e transformación de metais non férreos, incluída a produción de aliaxes, a refinación, o moldeamento en fundición, etc., cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total (incluídos os combustibles utilizados como axentes redutores) superior a 20 MW.	Dióxido de carbono
10. Fabricación de cemento sen pulverizar («clinker») en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 500 toneladas diarias ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día.	Dióxido de carbono
11. Produción de cal ou calcinación de dolomita ou magnesita en fornos rotatorios ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas diarias.	Dióxido de carbono
12. Fabricación de vidro incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.	Dióxido de carbono
13. Fabricación de produtos cerámicos mediante enforamento, en particular de tellas, ladrillos refractarios, azulexos, gres cerámico ou porcelanas, cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día.	Dióxido de carbono
14. Fabricación de material illante de la mineral utilizando cristal, rocha ou escoura, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.	Dióxido de carbono
15. Secado ou calcinación de xeso ou produción de placas de xeso laminado e outros produtos de xeso, cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal superior a 20 MW.	Dióxido de carbono
16. Fabricación de pasta de papel a partir de madeira ou doutras materias fibrosas.	Dióxido de carbono
17. Papel ou cartón cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas diarias.	Dióxido de carbono
18. Produción de negro de fume, incluída a carbonización de substancias orgánicas como aceites, alcatráns e residuos de craqueo e destilación, cando se explotan unidades de combustión cunha potencia térmica nominal total superior a 20 MW.	Dióxido de carbono
19. Produción de ácido nítrico.	Dióxido de carbono e óxido nítrico
20. Produción de ácido adípico.	Dióxido de carbono e óxido nítrico
21. Produción de ácido de glioxal e ácido glioxílico.	Dióxido de carbono e óxido nítrico
22. Produción de amoníaco.	Dióxido de carbono
23. Fabricación de produtos químicos orgánicos en bruto mediante craqueo, reformado, oxidación parcial ou total, ou mediante procesos similares, cunha capacidade de produción superior a 100 toneladas por día.	Dióxido de carbono
24. Produción de hidróxeno (H ₂) e gas de síntese mediante reformado ou oxidación parcial, cunha capacidade de produción superior a 25 toneladas por día.	Dióxido de carbono
25. Produción de carbonato sódico (Na ₂ CO ₃) e bicarbonato de sodio (NaHCO ₃).	Dióxido de carbono
26. Captura de gases de efecto invernadoiro das instalacións cubertas por esta directiva con fins de transporte e almacenamento xeolóxico nun lugar de almacenamento autorizado de conformidade coa Directiva 2009/31/CE do Parlamento e do Consello, do 23 de abril, relativa ao almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono.	Dióxido de carbono
27. Transporte de gases de efecto invernadoiro a través de gasodutos con fins de almacenamento xeolóxico nun lugar de almacenamento autorizado de conformidade coa Directiva 2009/31/CE do Parlamento e do Consello, do 23 de abril, relativa ao almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono.	Dióxido de carbono
28. Almacenamento xeolóxico de gases de efecto invernadoiro nun lugar de almacenamento autorizado de conformidade coa Directiva 2009/31/CE do Parlamento e do Consello, do 23 de abril, relativa ao almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono.	Dióxido de carbono

2. Operadores de aeronaves aos cales se refire o punto 2 desta disposición adicional:

Os operadores de aeronaves aos cales se refire o punto 2 desta disposición adicional serán aqueles que leven a cabo voos con orixe ou destino nun aeródromo situado no territorio dun Estado membro da Unión Europea e sexan titulares dunha licenza de

explotación válida, concedida polo Ministerio de Fomento de conformidade co disposto no Regulamento (CE) n.º 1008/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de setembro de 2008, sobre normas comúns para a explotación de servizos aéreos na Comunidade, así como aqueles que non sexan titulares dunha licenza de explotación válida concedida por un Estado membro da Unión Europea, e cuxas emisións de dióxido de carbono no ano de referencia sexan maioritariamente atribuíbles a España de acordo cos criterios recollidos na Directiva 2008/101/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE co fin de incluír as actividades de aviación no réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.